

## VI. ANUNCIOS

### A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

*ANUNCIO do 27 de setembro de 2021, da Área de Planificación, Innovación e Seguridade Viaria, polo que se fai pública a Resolución do 23 de setembro de 2021 pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente os mapas estratégicos de ruído dos grandes eixes viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia na provincia de Pontevedra (GA/19/001.09.2).*

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Orde do 7 de setembro de 2017, *Diario Oficial de Galicia* do 20 de setembro), vistos os informes das administracións afectadas e as alegacións formuladas no trámite de información pública, ditou o 23 de setembro de 2021 a seguinte resolución:

«Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente os mapas estratégicos de ruído dos grandes eixes viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia na provincia de Pontevedra, de clave GA/19/001.09.2.

Antecedentes de feito:

Primeiro. Mediante Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas do 7 de outubro de 2020 aprobáronse provisionalmente os mapas estratégicos de ruído dos grandes eixes viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia na provincia de Pontevedra, de clave GA/19/001.09.2.

Segundo. Con data do 26 de outubro de 2020 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (núm. 215) o Anuncio do 8 de outubro de 2020 polo que se sometían ao trámite de información pública os mapas estratégicos de ruído dos grandes eixes viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia na provincia de Pontevedra (GA/19/001.09.2).

Terceiro. Durante o trámite de información pública presentáronse un total de 42 alegacións, conforme os certificados emitidos polos organismos oficiais competentes.

Cuarto. Durante o trámite de información pública detectáronse errores na denominación das UME's: VG-4.1, PO-542 e PO-549, nos mapas das UME's: PO-308, PO-316,



PO-324, PO-325, PO-340\_2, PO-403, PO-510\_1, PO-531, PO-548\_1, PO-548\_2, PO-549, PO-551\_1, PO-552\_1, PO-552\_2, PO-552\_4 e VG-4.1 e nos resultados de afección das seguintes UME's: AG-41, VG-4.2, VG-4.3, VG-4.4, PO-308, PO-316, PO-340\_1, PO-340\_2, PO-403, PO-542, PO-548\_1, PO-548\_2, PO-551\_2, PO-552\_4, PO-841, VG-4.2, VG-4.3 e VG-4.4.

Fundamentos de dereito:

De acordo co establecido na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído e no Real decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á avaliación e á xestión do ruído ambiental, os mencionados mapas sometéronse ao trámite de información pública, durante un período dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

De acordo con todo o exposto e tras os certificados presentados,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública e definitivamente os mapas estratégicos de ruído dos grandes eixes viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia na provincia de Pontevedra que se relacionan a continuación, coas seguintes modificacións:

1. Corrección dos errores detectados na denominación das UME's: VG-4.1, PO-542 e PO-549, nos mapas das UME's: PO-308, PO-316, PO-324, PO-325, PO-340\_2, PO-403, PO-510\_1, PO-531, PO-548\_1, PO-548\_2, PO-549, PO-551\_1, PO-552\_1, PO-552\_2, PO-552\_4 e VG-4.1 e nos resultados de afección das seguintes UME's: AG-41, VG-4.2, VG-4.3, VG-4.4, PO-308, PO-316, PO-340\_1, PO-340\_2, PO-403, PO-542, PO-548\_1, PO-548\_2, PO-551\_2, PO-552\_4, PO-841, VG-4.2, VG-4.3 e VG-4.4.

2. Conforme á alegación presentada polo concello de Marín, corrección nos mapas da UME VG-4.4, do uso do colexio de educación especial Juan XXIII (p.q. 8+460 MI), de uso industrial a uso sanitario/docente/cultural.

Estrada	Treito	p.q. inic.	p.q. fin	Lonx. (km)	Concellos
AG-41	Curro (AP-9)-Enl. Sanxenxo (VG-4.1)	0,4	19,18	18,78	Barro, Meis, Ribadumia, Meaño, Sanxenxo
AG-46	Rande (AP-9)-Enl. VG-4.5	0	11	11	Moaña



Estrada	Treito	p.q. inic.	p.q. fin	Lonx. (km)	Concellos
AG-57	Enl. de Nigrán-Enlace 2º Cinturón Vigo (VG-20)	10,24	22	11,76	Nigrán, Gondomar, Vigo
CG-4.1	Enlace de Cangas (AG-46)-Alto da Portela (PO-551)	11	15	4	Moaña, Cangas
VG-4.1	Sanxenxo (AG-41)-A Lanzada (PO-308)	19,19	26,03	6,84	Sanxenxo
VG-4.2	Saída 7 (AG-41)-Cambados (PO-300)	0	4,44	4,44	Ribadumia, Cambados
VG-4.3	Cambados (PO-300)-Enl. vte Vilagarcía (N-640)	0	8,2	8,2	Cambados, Vilanova de Arousa, Vilagarcía de Arousa
VG-4.4	Lourizán (PO-12)-Enl. PO-313	0	8,96	8,96	Pontevedra, Marín
PO-225	Alba (N-550)-San Caetano	0	1,08	1,08	Pontevedra
PO-300	Pol. Ind. (EP-9501)-Cambados (VG-4.3)	10,04	11,71	1,67	Cambados
PO-307	Deiro (PO-549)-A Illa de Arousa	0	4,58	4,58	Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa
PO-308	Pontevedra (PO-531)-Sanxenxo (PO-504)	0	17,35	17,35	Poio, Sanxenxo
PO-316	A Lanzada (PO-550)-O Grove	0	5,87	5,87	Sanxenxo, O Grove
PO-324	Ponte Lagares-p.q. 2,38	0	2,38	2,38	Vigo
PO-325	Vigo-A Ramallosa (PO-552)	0,15	15,79	15,64	Vigo, Nigrán, Baiona
PO-331	PO-330-PO-332	12,08	15,73	3,65	Gondomar
PO-340	Tui (N-550)-Enl. A-55	0	0,44	0,44	Tui
PO-340	Gondomar (PO-331)-A Ramallosa (PO-552)	16,8	21,51	4,71	Gondomar, Nigrán, Baiona
PO-403	A-52-Ponteareas (N-120)	8,53	11,28	2,75	Ponteareas
PO-504	Sanxenxo-AG-41	0	0,81	0,81	Sanxenxo
PO-510	Atios (N-550)-Salceda (PO-411)	0	6,99	6,99	O Porriño, Salceda de Caselas
PO-510	Enl. PO-404-Enl. PO-403	11,57	13,46	1,89	Salvaterra de Miño
PO-511	Sanguiñeda (N-120)-Torneiros (PO-331)	0	0,52	0,52	Mos, O Porriño
PO-530	Enl. A Illa de Arousa (VG-4.3)-Deiro (PO-549)	1,1	2,54	1,44	Vilanova de Arousa
PO-531	Pontevedra (Ponte da Barca)-Baión (N-640)	0	18,8	18,8	Pontevedra, Poio, Barro, Meis, Portas, Vilanova de Arousa, Caldas de Reis
PO-542	Marcón (PO-532)-O Pino (ramal PO-10)	3,21	6,87	3,66	Pontevedra
PO-548	Pontecesures (N-550)-PO-190	0	3,04	3,04	Pontecesures, Valga
PO-548	Catoira (Glor.)-Vilagarcía (glorieta porto)	7,82	19,11	11,29	Catoira, Vilagarcía de Arousa
PO-549	Vilagarcía (N-640)-Caleiro (PO-302)	0,75	5,25	4,5	Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa
PO-550	Cambados (VG-4.3)-Inicio zona portuaria S. Tomé-Tragove	0	1,21	1,21	Cambados
PO-550	Fin zona portuaria S. Tomé-Tragove-Vilalonga (PO-504)	1,66	10,97	9,31	Cambados, Ribadumia, Meaño, Sanxenxo,
PO-551	A Tioira (VG-4.4)-Inicio Moaña	6,43	24,71	18,28	Marín, Bueu, Cangas, Moaña
PO-551	Final Moaña-Rande (N-554)	26,05	33,62	7,57	Moaña
PO-552	Vigo (Av. do Alcalde Portanet)-Baiona (Estda. Dep.)	0	15,59	15,59	Vigo, Nigrán, Baiona
PO-552	A Guarda (PO-355)-Salcidos (CG-4.2)	46,86	48,45	1,59	A Guarda



Estrada	Treito	p.q. inic.	p.q. fin	Lonx. (km)	Concellos
PO-552	Goián (PO-553)-Forcadela Sur (PO-195)	57,79	62,09	4,3	Tomiño
PO-552	Forcadela Norte (PO-195)-Tui (N-551)	63,84	71,22	7,38	Tomiño, Tui
PO-841	Pontevea-A Estrada	11,72	21,81	10,09	Teo, A Estrada

Segundo. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou ben recurso potestativo de reposición ante a conseiliera de Infraestruturas e Mobilidade no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución no DOG, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común».

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

Héctor Presas Veiga  
Xefe da ÁREA de Planificación, Innovación e Seguridade Víaria

